

**Armando López Castro**

**María Luzdivina Cuesta Torre**

**(editores)**

**ACTAS DEL XI CONGRESO INTERNACIONAL DE LA  
ASOCIACIÓN HISPÁNICA DE LITERATURA MEDIEVAL  
(Universidad de León, 20 al 24 de septiembre de 2005)**

**VOLUMEN I**



**UNIVERSIDAD DE LEÓN**

Secretariado de Publicaciones

2007

Asociación Hispánica de Literatura Medieval. Congreso Internacional (11º. 2005. León)

Actas del XI Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval : (Universidad de León, 20 al 24 de septiembre de 2005) / Armando López Castro, María Luzdivina Cuesta Torre (editores). -- [León] : Universidad de León, Secretariado de Publicaciones, 2007

2 v. : il. ; 24 cm.

Contiene : Vol. I – Vol. II. – Textos en español, portugués y catalán  
ISBN 978-84-9773-357-6

1. Literatura medieval-Historia y crítica-Congresos. I. López Castro, Armando. II. Cuesta Torre, María Luzdivina. III. Universidad de León. Secretariado de Publicaciones. III. Título

82.09"04/14"(063)

© **Universidad de León**

Secretariado de Publicaciones

© Los autores

ISBN: 978-84-9773-357-6

Depósito Legal: LE-1443-2007

Impresión: Universidad de León. Servicio de Imprenta

NOTAS PARA A HISTORIA DO *CANCIONEIRO DA AJUDA*:  
AS COPIAS DOS FOLIOS DE ÉVORA  
(LISBOA, BN, COD. 11191; ÉVORA, BP, MS. CXIV/2-34)

Mariña Arbor Aldea

Universidade de Santiago de Compostela

1. Confeccionado entre fins do século XIII e comezos da seguinte centuria nunha corte rexia<sup>1</sup> ou nun *scriptorium* próximo aos círculos nobres portugueses ou galegos,<sup>2</sup> a historia externa do *Cancioneiro da Ajuda* está preñada de enigmas dende o mesmo momento da súa copia ata que foi descuberto no Real Colégio dos Nobres de Lisboa, entre 1802 e 1810, tal vez por Ricardo Raimundo de Nogueira, *reitor* daquela institución.<sup>3</sup>

Quizais a causa da súa inconclusión, tal vez debido a que non foi encadernado en orixe ou ben como consecuencia dalgún accidente material, o códice sufriu a perda dalgúns dos seus folios acaso nalgunha das cidades do sur portugués que acolleron a corte lusa e a nobreza a ela vinculada durante os séculos XV e XVI. Máis probablemente, *A* puido quedar privado destes folios en Évora, no curso dunha súa hipotética estadia nesta cidade, ben como volume adscrito á colección de libros dalgún poderoso, ben como volume pertencente á biblioteca dalgunha institución relixiosa.<sup>4</sup>

Foi xustamente en Évora, na Biblioteca Pública desta cidade,<sup>5</sup> onde se localizaron, algúns anos despois do descubrimento de *A* en Lisboa, once folios que parecían pertencer á estrutura do cancionero. Deles deu noticia sucinta en 1842 J. H. da Cunha Rivara, bibliotecario dende 1838

\*Os datos expostos neste traballo son froito dos estudos que sobre o *Cancioneiro da Ajuda* desenvolve a autora no marco do Programa de Investigación Ramón y Cajal, financiado polo Ministerio de Educación y Ciencia.

<sup>1</sup> Segundo C. Michaëlis, o *Cancioneiro da Ajuda (A)* copíaríase na corte portuguesa nos últimos anos do reinado de Afonso III (†1279) ou nos anos liminares do goberno do seu sucesor, don Denis (cfr. Michaëlis 1990, II: 151-157, 227-288). Para G. Tavani, *A* confeccionaríase no *scriptorium* de Alfonso X nas últimas décadas do século XIII (cfr. Tavani 1988: 94-95, 121-122). En estudo recente, tamén G. Lanciani se decantou pola elaboración do cancionero, entre 1279 e 1284, na corte afonsí (cfr. Lanciani 2004).

<sup>2</sup> A. Resende de Oliveira sinala que *A* debeu confeccionarse na última década do século XIII ou no primeiro cuarto da seguinte centuria tal vez nun medio cortesán próximo a Portugal (cfr. Oliveira 1994: 265-267). Para M. A. Ramos, determinados datos extraídos da análise do cancionero permitirían conxecturar para a copia deste «mãos portuguesas do Norte ou mãos galegas» ou, máis xenericamente, mans de orixe setentrional que executarían o proxecto con materiais de natureza diversa (cfr. Ramos 1994: 41-46; 2005).

<sup>3</sup> En dous estudos de recente publicación concretamos a cronoloxía do descubrimento de *A* (cfr. Arbor Aldea-Pulsoni 2005, 2006).

<sup>4</sup> C. Michaëlis hipotetizou un posible paso de *A* por Évora no século XVI, vinculando a estadia do códice na cidade do Alentejo aos infantes portugueses ou á Orde Xesuíta (cfr. 1990, II: 103-110). Pola súa parte, M. A. Ramos achegou datos substanciais sobre un posible propietario do cancionero no século XV, Pedro Homem, e reconstruíu o ambiente cortesán e culto das cidades do sur portugués –Évora, Vila Viçosa, Beja, Montemor-o-Novo– no que puido estar inserido o códice (cfr. Ramos 1994: 27-47; 1999; 2001). Cabe sinalar aquí, e en relación coa cronoloxía da desmembración dos folios de Évora, que algúns destes folios presentan apostilas similares ás que se observan noutros folios de *Ajuda*; a caída dos folios evorenses do códice debeuse producir, polo tanto, despois de 1600, data extrema fixada pola crítica para as notas escritas no cancionero (Michaëlis 1904, II: 167-179; Ramos 1994: 35-36).

<sup>5</sup> A Biblioteca Pública de Évora foi fundada en 1805 polo arcebispo da cidade Frei Manuel do Cenáculo Vilas Boas, que a dotou cunha valiosísima colección documental, integrada por uns 50.000 volumes procedentes de Portugal ou adquiridos no estranxeiro. Estes fondos foron enriquecidos posteriormente con diversas doazóns e adquisicións e, sobre todo, coa incorporación dos volumes que lles pertenceran aos conventos do distrito, extintos en 1834 (cfr. Cid 1993).

daquela institución,<sup>6</sup> nas liñas finais dun texto publicado no xornal *O Panorama* no que se comentaba a edición Stuart (1823): «Este libro [a edición Stuart] merecía pois una nova edición, que o tornase verdadeiramente vulgar e conhecido. O original está na bibliotheca real da Ajuda; e na bibliotheca publica eborense ha mais onze folhas do proprio codice, as quaes já andavam extraviadas ao tempo em que se tratou de publica-lo» (Rivara 1842: 407).

Como sabemos, os once folios descubertos en Évora foron enviados a Lisboa o 26 de xuño de 1843 a petición do *bibliotecário-mor* da Real Biblioteca da Ajuda, A. Herculano, e foron posteriormente incorporados ao cancionero do Colégio dos Nobres (Michaëlis 1990, II: 100; Ramos 1994: 27; 2004: 21-22). Non obstante, antes de abandonar o Alentejo estes folios recibiron a atención de dous grandes eruditos da época, que deles tiraron copia completa: o profesor, *bibliotecário-mor* da Casa Real e *guarda-mor* do Real Arquivo da Torre do Tombo António Nunes de Carvalho<sup>7</sup> é o responsable da transcripción contida no códice 11191, depositado na Biblioteca Nacional de Lisboa; á man de Rivara débese a copia que, coa signatura CXIV/2-34, se conserva na Biblioteca Pública de Évora.

2. O Cod. 11191 da Biblioteca Nacional de Lisboa (cfr. BITAGAP Manid 1731) está constituído por 12 folios de papel raiado, con liñas retrizes nas marxes dereita e esquerda, de aproximadamente 37x25 cm. Presenta unha encadernación moderna, de tapas de cartón. No f. 2r unha nota escrita pola man que executa a copia describe o contido do fascículo, achegando un dato de relevo para a cronoloxía do descubrimento dos folios de Évora, ata agora fixado en 1842: *Copia das onze folhas de hum Cancioneiro antigo achadas na Livraria Publica de Evora em 1835. Cada folha he escripta em duas columnas.*<sup>8</sup> Similar é a indicación que, na tapa superior da encadernación, escribiu en tinta negra unha man posterior á da copia, man que identifica o autor da transcripción: *Copia, feita por Nunes de Carvalho, das onze folhas de um Cancioneiro achado na Biblioteca de Evora em 1835.* Máis sucinta na súa información é a nota que se escribiu a

---

<sup>6</sup> Nacido en Arraiolos o 23 de xuño de 1809 e formado en Medicina na Universidade de Coimbra, J. H. da Cunha Rivara foi profesor de Filosofía Racional e Moral no Liceo de Évora dende 1837, director da Biblioteca Pública desta cidade –nomeado por decreto do 25 de decembro de 1838–, deputado en Cortes en 1853 e, entre 1855 e 1870, secretario do Gobernador xeral da India, estado no que permaneceu ata 1877. Grande estudoso e erudito, foi un dos fundadores do Instituto Vasco da Gama e membro do Instituto Geográfico-Histórico Brasileiro, da Real Sociedade Asiática e da Real Academia das Ciéncias de Lisboa, así como doutras corporacións literarias e científicas, tanto portuguesas como estranxeiras. Asiduo colaborador en xornais e revistas da época, Rivara foi autor de numerosas publicacións, destacando entre os seus escritos os de natureza histórica e filolóxica. Faleceu na súa casa da Rúa da Mouraria, en Évora, o 20 de febreiro de 1879 (cfr. Silva 1860; Silva-Aranha 1884; *Gran Enciclopédia*, XXV; Silveira 1946).

<sup>7</sup> Nacido en Viseu o 16 de xuño de 1786, António Nunes de Carvalho ocupou en 1806, por invitación de Fr. Manuel do Cenáculo, a cátedra de Humanidades da Escola Pública de Évora. Interrompido o seu maxisterio en 1808 a causa da invasión francesa e tras un período de servizo ao bispado, en 1813 foi nomeado substituto interino na cátedra de Filosofía Racional e Moral do Real Colégio das Artes de Coimbra, adquirindo a titularidade en 1822. Formado en Cánones e Leis entre 1815 e 1821, mantivo a súa actividade docente ata 1828, momento no que, co triunfo do absolutismo de don Miguel, tivo que exiliarse en Galicia, dende onde partiu para Inglaterra e Francia, países nos que desenvolveu importantes traballos de investigación. Ao seu regreso a Portugal foi nomeado profesor na Facultade de Leis de Coimbra e deputado da Real Junta da Directoría Geral de Estudos. Coa extinción das ordes relixiosas en 1834 foi encargado de reunir a documentación das bibliotecas dos conventos na Biblioteca Pública. En 1835 foi nomeado *bibliotecário-mor* da Casa Real e en 1836 *guarda-mor* interino do Real Arquivo da Torre do Tombo, cargo que ocupou efectivamente a partir do 30 de setembro de 1838. Asentado definitivamente en Coimbra, onde ocupou a cátedra de Dereito Romano ata 1861, faleceu o 5 de xuño de 1867 (cfr. Silva 1858, 1867; *Gran Enciclopédia*, XIX; Sousa 1998).

<sup>8</sup> Na reprodución do texto contido nos manuscritos que describimos nas páxinas que seguen conservamos todas as características gráficas daquel, limitando a nosa intervención á unión e separación de palabras, á regularización do uso de maiúsculas e minúsculas e ao desenvolvemento, sen indicación desta particularidade na transcripción, das abreviaturas. Constitúen excepción a esta última regra as referencias numéricas contidas en ambas as copias. Puntuamos, sobriamente.

lapis, tamén con posterioridade á copia, no primeiro folio do manuscrito, folio que está en branco e no que se le: *Copia das onze folhas d'um Cancioneiro*.

Os folios dotados de texto, que non foron numerados, presentan distintas marcas que remiten aos orixinais. Así, na marxe superior dereita do f. 2r, o primeiro que reproduce texto, lese *f. 1.<sup>a</sup>*, indicándose na marxe esquerda, inmediatamente antes da primeira columna de escritura: *Folha = a1*. Idénticos índices referenciais, en idéntica posición, localízanse nos folios seguintes: no f. 3r lese *Fol. 2.<sup>a</sup>*, indicación que está acompañada pola nota *Folha = a2*; no f. 4r sinálase *Folha 3.<sup>a</sup>*, *Folha 3.<sup>a</sup> = + =*; no f. 5r, *Folha 4.<sup>a</sup>*, *Folha 4.<sup>a</sup> = +2*; no f. 6r, *Folha 5.<sup>a</sup>*, *Folha 5.<sup>a</sup> = +3*; no f. 7r, *Folha 6.<sup>a</sup>*, *Folha 6.<sup>a</sup> = +4*; no f. 8r, *Folha 7.<sup>a</sup>*, *Folha 7.<sup>a</sup> = +5*; no f. 9r, *Folha 8.<sup>a</sup>*, *Folha 8.<sup>a</sup> = +6*; no f. 10r, *Folha 9.<sup>a</sup>*, *Folha 9.<sup>a</sup> só*; no f. 11r lese unicamente *Folha 10.<sup>a</sup> = só*; por fin, no f. 12r escribiuse *Folha 11.<sup>a</sup>*, *Folha 11.<sup>a</sup> e ultima = só*.

O texto dispónse a dúas columnas, que se deixan con frecuencia parcial ou totalmente en branco para respectar a pauta que guía a transcripción e que fai corresponder cada folio do modelo cun folio da copia. A reprodución das cantigas vai precedida, ademais de pola correspondente indicación numérica remisiva ao orixinal, por unha nota descritiva da miniatura que o adornaba: así, no f. 2r (*A*, f. 16r) indícase, en escritura estendida a todo o longo da páxina, *No alto da primeira columna tem huma estampa tosca illuminada*, sinalándose, con idéntica disposición, no f. 3r (*A*, f. 17r): *No alto da 1.<sup>a</sup> columna tem huma estampa irmã da da 1.<sup>a</sup> folha*; no f. 4r (*A*, f. 40v), avanzada á metade da col. a, lese: *A 2.<sup>a</sup> lauda desta folha tem no alto da 1.<sup>a</sup> collumna huma estampa illuminada e tosca, diferente das antecedentes*. Similares comentarios se observan nos ff. 10r (*A*, f. 4r): *No alto da 1.<sup>a</sup> columna tem esta folha huma estampa illuminada, diferente das outras nas figuras*,<sup>9</sup> e 11r (*A*, f. 29r): *No alto da 1.<sup>a</sup> columna, huma estampa illuminada quasi irmã da antecedente*.

Unha nota significativa do autor da copia, que se identifica sempre coa sinatura *Nunes*, encabeza a copia no f. 10r, que reproduce o actual f. 4 de *A*. Nesta apostila achégase unha moi valiosa información relativa á disposición e numeración dos denominados folios de Évora: *Folha 9.<sup>a</sup> só. Este monosilabo = só, que se acha escrito de outra letra nesta folha e nas duas seguintes [ff. 11r e 12r; A, ff. 29, 36] no lugar aonde devia estar a numeração, quer dizer /creio eu/ que não tem ligação nenhuma dellas nem entre si, nem com as outras outo já copiadas. E, na verdade, assim se deprehende da comparação dellas*. Unha observación superficial de *A* permítenos constatar, en efecto, que nos actuais ff. 4, 29 e 36 do cancioneiro figura a nota *só* (ou a variante *so*) escrita na marxe superior dereita do recto de cada folio. Malia ao silencio ao respecto de Nunes de Carvalho,<sup>10</sup> cabe sinalar, sempre no que atinxe aos índices referenciais presentes nos folios obxecto de comentario, que, en idéntico lugar da páxina, nos actuais ff. 16 e 17 de *A* se localizan as indicacións *a1* e *a2* e que nos que hoxe son os ff. 40 a 45 do cancioneiro, se len as referencias +, +2, +3, +4, +5 e +6.<sup>11</sup>

No que se refire á copia propiamente dita, o texto reproducéuse todo seguido, indicándose oportunamente o cambio de columna do modelo coas notas (*1.<sup>a</sup> columna*), (*2.<sup>a</sup> columna*), (*3.<sup>a</sup> columna*) e (*4.<sup>a</sup> columna*), indicacións que poden presentar algunha variación na súa morfoloxía (*columna 1.<sup>a</sup>*), (*2.<sup>a</sup> columna da 2.<sup>a</sup> lauda*)— ou aparecer abreviadas: (*1.<sup>a</sup> col.*), (*2.<sup>a</sup> col.*), (*3.<sup>a</sup> col.*), (*4.<sup>a</sup> col.*).<sup>12</sup> Así mesmo, sinálase o remate de cada cantiga e o inicio do texto seguinte cun breve

<sup>9</sup> A seguir de *illuminada*, a nota escribiuse sobre o texto riscado *quasi irmã das que se vê na folha*.

<sup>10</sup> Tampouco refiren este particular as descrições que da numeración de *A* fixeron C. Michaëlis (1904, II: 137-139) e M. A. Ramos (1985; 1994: 33).

<sup>11</sup> Ademais destas referencias numéricas, e das globais do conxunto do manuscrito, na marxe inferior dereita dos folios de Évora aprézase a numeración en cifras romanas I-XI, numeración que lles atribuíu aos folios evorenses A. Herculano. No curso desta exposición non tomaremos en conta estes algarismos.

<sup>12</sup> Está ausente a indicación nos ff. 4r<sup>a</sup>, 10r<sup>a</sup> e 11r<sup>ab</sup>.

trazo horizontal curvado (~).<sup>13</sup> A copia de cada folio conclúe coas indicacións *Fim da folha*, nota que se repite, con cambio de díxito, nos ff. 6v, 8v, 9v, 10v e 11r: *Fim da folha* 5.<sup>a</sup>, 7.<sup>a</sup>, 8.<sup>a</sup>, 9.<sup>a</sup> e 10.<sup>a</sup>–, *Fim da 2.<sup>a</sup> folha* –apostila que se recupera, mudando a cifra, nos ff. 4r, 5r e 7v: *Fim da 3.<sup>a</sup>, 4.<sup>a</sup> e 6.<sup>a</sup> folha*–, e *Fim da folha undecima, e ultima*. A seguir destas, e como peche de cada folio transcrito, Nunes de Carvalho inclúe un apartado reservado para comentarios de diversa natureza, que vai precedido pola rúbrica *Notas*.<sup>14</sup>

Esta sección de notas, que pode non conter datos –como sucede nos ff. 2v, 6v, 7v, 8v, 9v, 10v, 11r e 12r–, inclúe, nun caso, comentarios relativos á organización do modelo que se reproducía e, noutro, unha explicación do procedemento empregado por Nunes de Carvalho na súa copia para «traducir» a peculiar disposición que no exemplar presentaban as cobras iniciais das cantigas ou determinadas *fiindas*, dotadas de espazos interspersais en branco destinados a acoller a notación musical. A primeira das apostilas referidas localízase no f. 4r<sup>b</sup> (*A*, f. 40v): *Estas ultimas cinco linhas são do principio de huma canção, e por isso estão escriptas com grandes intervallos para as notas da musica*;<sup>15</sup> a segunda, que se debeu engadir, como parecen indicar as particularidades de escrita que presenta, como nota aclaratoria nun momento posterior ao acto de copia, rexístrase no f. 3r<sup>a</sup>: *As riscas debaixo dalguns dos primeiros ou dos ultimos versos de cada canção denotão que ha entre elles grandes intervallos para as notas da musica*.

Ademais das notas incluídas na sección da copia reservada para tal fin, Nunes de Carvalho insire outras na marxe inferior dalgúns folios que fan referencia á disposición do modelo ou que aclaran distintos aspectos da copia que se executa. Refiren particularidades do exemplar as apostilas que se len nos ff. 3r<sup>a</sup> (*A*, f. 17): *Esta folha está escrita só de hum lado. Estas ultimas sette linhas estão escriptas com grandes intervallos para se lhe escreverem nelles as notas da musica; e vê-se que, sendo o principio de huma canção, o resto havia de ser escripto no reverso da folha, o que se não fora talvez por faltar já no Ms. donde este foi copiado*, e 4r<sup>a</sup> (*A*, f. 40r): *A 2.<sup>a</sup> columna desta lauda está em branco*. Os comentarios que ilustran as dificultades xurdidas durante a transcripción das cantigas, que van acompañados polas correspondentes marcas de reclamo, recóllense nos ff. 7r, 8r e 9r. No primeiro caso Nunes de Carvalho escribe: *Este ren tem hum risco indicativo de que he superfluo*, e engade nun segundo momento, en letra de módulo distinto, aludindo ao excesivo corte de guillotina que se verifica na marxe superior dos folios en causa e que lle afecta ao texto das cantigas: *Não sei ler bem esta palavra, porque está cortado, Nem esta pela mesma razão*. Indicacións similares localízanse no f. 8r: *A 1.<sup>a</sup> linha da 2.<sup>a</sup> columna está tão cortada pelo meio das letras que se não pode ler, E o mesmo a 1.<sup>a</sup> linha da 3.<sup>a</sup> columna*. No f. 9r sinala: *Esta linha parece que se escreveo errada, e substituiu-se-lhe a immediata, como he vizível, e mesmo tem sinaes de ter sido riscada*, tal como sucede no modelo. Por fin, no f. 12r<sup>a</sup>, último da copia, lese unha nota de tipo histórico referida ao único nome feminino rexistrado nestas composicións, en concreto na que se copia na col. b deste mesmo folio, *Preguntou Johan Garcia* (148,19). O nome en cuestión, Guiomar Afonso, debeu chamar a atención de Nunes de Carvalho, que escribe: *Sobre Guiomar Affonso Gata veja-se u Livro Velho das Linhagens, folhas 4 e seguintes, e o Nobiliario do Conde D. Pedro*.

<sup>13</sup> No f. 4r<sup>b</sup> a *fiinda* da cantiga *En grave dia, senhor, que vos vi* (79,19?; 157,20?) foi incluída dentro da primeira cobra da composición *Meus amigos, que sabor averia* (79,37?; 157,30?). Idéntico erro na identificación dos textos se observa nos ff. 5r<sup>b</sup> e 12r<sup>b</sup>. No primeiro caso consideráronse como parte da cantiga seguinte, *Ora non sei no mundo que fazer* (79,42?; 157,36?), as dúas *fiindas* da peza precedente, *Eu me coidei, u me Deus fez veer* (79,20?; 157,23?); no segundo, as estrofas conclusivas das cantigas *De mia senhor direy-vos que mi aven* (148,3) e *Direi-vos que mi auẽo, mia senhor* (148,5) son consideradas como parte integrante da primeira cobra dos textos sucesivos, respectivamente *Cidades vós, mia senhor, que mui mal* (148,2) e *Preguntou Johan Garcia* (148,19). Reproducimos o *incipit* das cantigas e o número das mesmas segundo Tavani (1967).

<sup>14</sup> A sección está ausente no f. 5r.

<sup>15</sup> Nunes de Carvalho considera unitariamente o que, en realidade, son os versos da *fiinda* do texto *En grave dia, senhor, que vos vi* (79,19?; 157,20?), disposta para a notación musical, e os dous primeiros versos da cantiga seguinte, *Meus amigos, que sabor averia* (79,37?; 157,30?) (*vide supra*, n. 13).

Outras apostilas, estas insertas no corpo da transcripción, refiren problemas de interpretación do texto xurdidos durante as fases de lectura e copia do mesmo. Así, no f. 9r<sup>b</sup>, Nunes de Carvalho escribe: *Se o dixе mal me /Aquí deve seguir-se:/ leixe morrer. senon sennor quen uolo /foy dizer e*, liñas máis abaixo, na mesma columna, *Se o dixе mal me /como em cima/, recuperando os versos de refrán da cantiga, abreviados, como é práctica xeral na copia da lírica profana galego-portuguesa, a partir da segunda estrofa da composición. Unha apostila que dá conta da dificultade de interpretación que inicialmente entrañou para o transcriptor un signo de abreviación ou, no caso concreto, de nasalidade, encóntrase no f. 10v<sup>a</sup>: *de uos mia senñor ageaar. /ou a gaar/.**

Minucioso nas súas anotacións, Nunes de Carvalho non é menos metódico na súa reprodución do texto das cantigas, que copia fielmente seguindo a disposición do exemplar,<sup>16</sup> ofrecendo, no que se refire á súa ordenación, esta imaxe dos folios de Évora:

<i>Cod. 11191</i>	<i>A</i>
Folha a1	16
Folha a2	17
Folha 3. <sup>a</sup> = + =	40
Folha 4. <sup>a</sup> = +2	41
Folha 5. <sup>a</sup> = +3	42
Folha 6. <sup>a</sup> = +4	43
Folha 7. <sup>a</sup> = +5	44
Folha 8. <sup>a</sup> = +6	45
Folha 9. <sup>a</sup> só	4
Folha 10. <sup>a</sup> = só	29
Folha 11. <sup>a</sup> e última = só	36

Á vista destes datos, cabe conxecturar que os folios 3 a 8 (*folha 3.<sup>a</sup> a folha 8.<sup>a</sup>*; *A*, ff. 40-45), que se caracterizan por ofrecer unha contigüidade textual evidente, por formar «un conxunto coherente», «um caderno coherente no fondo e na forma», como sinalou C. Michaëlis (1990, II: 148, 137), foron considerados e circularon de forma unitaria –¿quen foi o responsable da «numeración» rexistrada neses folios?–; así mesmo, cabe supor que os cinco folios restantes, os dous primeiros identificados coas referencias *a1* e *a2* e os tres últimos coa nota *só*, circulaban desmembrados. En relación con estes últimos cinco folios debemos sinalar que os dous primeiros, *a1* e *a2*, son folios autónomos, que conteñen cadanseu ciclo de textos precedido pola correspondente miniatura. No caso dos folios apostilados con *só* a situación é diversa, pois mentres o segundo deles, *folha 10.<sup>a</sup>* (actual f. 29 de *A*), podería ser equiparado a *a1* e a *a2* en canto reproduce un ciclo autónomo de cantigas, inaugurado por unha miniatura e cerrado por un espazo en branco final, o primeiro, *folha 9.<sup>a</sup>* (actual f. 4 de *A*), que tamén inicia ciclo de textos,

<sup>16</sup> Obsérvanse pequenas faltas na transcripción, que prescinde do aparato decorativo e dos *marginalia* presentes no modelo, que non invalidan o carácter minucioso da copia de Nunes de Carvalho. Véxanse a modo de exemplo, e deixando á marxe un reducidísimo número de variantes gráficas, os casos rexistrados nos ff. 2r<sup>b</sup>, *lleu* por *llen*; 5r<sup>a</sup>, *catuuiueu* por *catiuueu*; 5r<sup>b</sup>, *pollo* por *poilo*, *Ca* por *Ra*; 6r<sup>a</sup>, *med* por *meed*; ... O transcriptor emenda o texto nalgúns pasos (cfr. ff. 5r<sup>a</sup>, *logar* por *loga*; 9r<sup>b</sup>, *no* por *no*; 11r<sup>a</sup>, *morte* por *mori*; 11r<sup>b</sup>, *qe rer* por *que querer*). Nos ff. 6v<sup>a</sup>, 7r<sup>a</sup>, 8r<sup>ab</sup>, 9r<sup>a</sup> e 10r<sup>a</sup> considera a variante anotada na marxe do verso, modificando oportunamente o texto. Debemos sinalar, por outra parte, e á marxe das excepcións que se observan á pauta xeral de conservación das abreviaturas en todos os folios do manuscrito, que Nunes de Carvalho segue criterios diversos na reprodución das maiúsculas de inicio de estrofa, refrán ou *fiinda* que aparecen no modelo anotadas a lapis, como guía para o rubricador. Estas, que ás veces non se transcriben –cfr. ff. 2r<sup>b</sup>, 3r<sup>a</sup>, ...–, reproducense normalmente cunha letra maiúscula subliñada –véxanse os ff. 2r<sup>b</sup>, 3r<sup>a</sup>, 4r<sup>ab</sup>, ...–, pero tamén cunha maiúscula normal –así nos ff. 2r<sup>b</sup>, 4r<sup>a</sup>, ...– ou cunha minúscula sen subliñar –cfr. os ff. 3r<sup>a</sup>, 7r<sup>a</sup>, ...–. A minúscula foi interpretada erroneamente nos f. 4r<sup>b</sup> ou 7r<sup>a</sup>. Cando a letra que lle serve de pauta ao rubricador está ausente no modelo, normalmente non se recoñece esa falta –véxanse, por exemplo, os ff. 5r<sup>a</sup>, 6r<sup>a</sup>, ...–. Nun caso, en concreto no f. 2r, primeiro da copia, a minúscula escrita a lapis no exemplar foi substituída por un asterisco (\*).

como sinala oportunamente a miniatura, podería continuar con texto –non hai espazo en branco no seu remate– e o último, *folha 11.<sup>a</sup>* (actual f. 36 de *A*), é un folio que debería asociarse polo seu inicio, cun texto fragmentario en cabeza, a un folio precedente –non a un seguinte, pois remata con espazo en branco–.

3. O Ms. CXIV/2-34 da Biblioteca Pública de Évora (cfr. BITAGAP Manid 1903) consta de 24 folios de papel, de aproximadamente 35x20 cm., carentes de calquera tipo de preparación para a escrita. Deles, os 23 primeiros reproducen o texto das cantigas, deixándose o último en branco. O volume está encadernado, sen folios de garda, cun dobre folio de pel. Sobre a tapa superior da cuberta escribiuse á man unha nota que identifica o contido do códice: *Copia de algumas folhas do Cancioneiro do Collegio dos Nobres*; máis abaixo, cara á metade do folio, unha man diferente, posterior á da copia, anotou: *Foram impressas na 2.<sup>a</sup> edição do mesmo Cancioneiro por Varnhagen em Madrid.*<sup>17</sup>

A transcripción, executada por J. H. da Cunha Rivara, como se sinala no catálogo da biblioteca evorense (Rivara-Telles de Matos 1869),<sup>18</sup> comeza inmediatamente despois do folio que lle serve de protección. Carentes dunha numeración que englobe a totalidade do manuscrito, os folios presentan unha referencia escrita a lapis na súa marxe superior dereita, referencia que vai acompañada pola letra *c*, escrita na marxe superior esquerda do folio, e que remite aos orixinais copiados. Así, no f. 1r anotouse *c 1 e*, con idéntica disposición e características, no f. 3r escribiuse *c 2*; no f. 5r, *c 3*; no f. 7r, *c 4*; no f. 9r, *c 5 e*, no f. 11r, *c 6*; no f. 13r comeza unha marcaxe distinta, que continúa nos ff. 15r e 17r: *c (ó So)*; por fin, nos ff. 21r e 23r rexístranse, respectivamente, as indicacións *c a1*, *c a2*.

Os textos foron escritos en tinta negra a unha única columna, disposta na parte esquerda do folio ou ben ocupando o centro do mesmo. A copia faise a columna do orixinal por folio da copia, verificándose excepcións a este criterio nos ff. 1v, 2r –o cambio de columna no modelo nótase coa palabra *columna*, escrita a lapis, acompañada por unha liña horizontal que marca a separación entre columnas<sup>19</sup>–, 4r –neste caso a mudanza de columna no orixinal non foi sinalada, continuándose o texto toda seguido– e 17r-18rv –o cambio de columna no exemplar márcase cunha liña horizontal escrita a tinta–.<sup>20</sup> Con frecuencia, e para facer coincidir modelo e copia, déixase o folio parcial ou totalmente en branco; en branco déixanse tamén distintos espazos na copia que se corresponden con espazos baleiros que no exemplar estaban probablemente destinados a completar textos considerados fragmentarios –véxanse os ff. 10r (*A*, f. 44v) e 11v (*A*, f. 45r)–. Obsérvanse variacións no modo de execución da copia –reprodúcense, por exemplo e só, os espazos interspersais en branco do modelo– e no módulo da letra, moi coidada e escrita en tinta máis fina, nos ff. 17r e 18rv, xa sinalados con anterioridade como peculiares pola

<sup>17</sup> Varnhagen incluíu, en efecto, na súa edición as cantigas contidas nos folios de Évora. O diplomático brasileiro servíuse para iso, segundo declara el mesmo no seu volume, dunha reprodución dos textos que lle fora facilitada por A. Herculano (cfr. 1849: XV).

<sup>18</sup> O manuscrito descríbese nestes termos no vol. II, p. 65, do Catálogo da Biblioteca de Évora, dentro da sección «Poesias Portuguezas»: «Onze folhas do Cancioneiro do collegio dos nobres. Cod. CXIV/2-34. Copia da letra do sr. Rivara. As originaes foram por ordem superior para a bibliotheca da Ajuda, onde se conservam com o volume de que faziam parte».

<sup>19</sup> A derogación á norma que se segue na práctica totalidade da copia do manuscrito pode obedecer a razóns de economía, en canto a primeira columna transcrita conta no modelo con só oito versos. O feito de que non se respecte aquí o principio correlativo seguido no resto da transcripción provoca a falta de coincidencia columna do orixinal-folio da copia na reprodución da segunda columna do modelo, que se estende á col. a do folio seguinte, o 2r.

<sup>20</sup> O escrúpulo de Rivara por manter a correspondencia columna do orixinal-folio da copia provoca que nos ff. 6r e 22r tache dúas e unha liña de escritura respectivamente, que deberían aparecer no folio seguinte, en correspondencia co cambio de columna no modelo. Así mesmo, no f. 21v cópianse os tres últimos versos do texto a modo de col. b do folio por problemas de espazo, e para facer coincidir o comezo do novo folio coa nova columna –e, neste caso, tamén folio– do exemplar.



disposición da copia, que parecen responder a criterios diversos de transcripción ou a fases distintas do proceso de copia –son os destinados á reprodución do actual f. 4 de *A*, que podería ser o primeiro en transcribirse–.<sup>21</sup> O texto foi revisado, con toda probabilidade, nun momento posterior ao acto de copia, introducíndose no seu interior algunhas correccións a lapis. Tal vez durante ese proceso de revisión da copia se engadiron, tamén a lapis, as iniciais de cantiga, cobra, *fiinda* e refrán que figuran nos orixinais escritas cunha minúscula que debía servir como guía para o rubricador.

Son escasos os comentarios referidos ao modelo que se apreza na copia de Rivara, que reproduce fielmente os textos contidos naquel.<sup>22</sup> Nos ff. 2r e 6v lese a nota *liga*, escrita a lapis, que refire a evidente contigüidade textual que se verifica entre os dous folios sinalados e os inmediatamente seguintes. Por fin, na marxe superior do f. 9v escribiuse, tamén a lapis, *estam cortadas as letras*, nota que se repite con idéntica disposición no f. 10r, *estão cortadas as letras*, como efectivamente se verifica no exemplar.

A imaxe que dos folios de Évora nos transmite a transcripción realizada por Rivara é a seguinte:

<i>Ms. CXIV/2-34</i>	<i>A</i>
c 1	40
c 2	41
c 3	42
c 4	43
c 5	44
c 6	45
c <i>Só</i>	36
c <i>So</i>	29
c <i>Só</i>	4
c a1	16
c a2	17

Esta copia permítenos observar, de novo, que os seis folios transcritos ao inicio do volume –*c 1-c 6*; *A*, ff. 40-45– constituían unha unidade, circulando autonomamente os folios consignados coa apostila *c So*, que se corresponden cos actuais ff. 36, 29 e 4 de *A*, e os folios notados con *c a1* e *c a2* (actuais ff. 16 e 17 de *A*). A disposición seguida na transcripción destes últimos sitúa en primeiro lugar o único folio dos cinco que comeza con texto, *c Só*<sup>1</sup> (*A*, f. 36) –e que conclúe cun pequeno espazo en branco; non pode existir contigüidade textual co precedente, *c 6*, que remataba en branco–, colocándose na súa sucesión aqueles que presentan miniatura e que, polo tanto, poderían conter –despois do actual f. 4 de *A* hoxe segue texto– ou que conteñen ó (ou so)ciclos autónomos de cantigas.

<sup>21</sup> Debemos sinalar tamén que nesta zona do volume, e coincidindo con este cambio na actitude da copia, se observa a existencia dun folio, o 20rv, totalmente en branco, circunstancia única en todo o manuscrito.


<sup>22</sup> A análise da copia e o seu cotexo cos orixinais revelan pequenos erros na transcripción que non invalidan o carácter minucioso da copia de Rivara. Véxanse, a modo de exemplo, e deixando á marxe un reducidísimo número de variantes gráficas, os casos rexistrados nos ff. 3v, *lugar* por *logar*; 5r, *grand* por *gran*; 5v, *quelly* por *quelles*; ... Así mesmo, e á marxe das derogacións que se observan ao principio de conservación das abreviaturas ao longo da copia, Rivara emenda o texto nos ff. 8v, *auenturado* por *aueturado*, e 16r, *serei* por *sere*. Nos ff. 6v, 7rv, 8v, 9v, 10v, 12r, 13r e 17rv considera a variante anotada no orixinal na marxe da columna de escritura, modificando oportunamente o texto. Unha revisión atenta da copia permítenos observar, finalmente, que a minúscula que no modelo debía servir como guía para o rubricador se transcribiu, a lapis como unha minúscula normal (así, no f. 3r, por exemplo). Nalgún caso, e tamén a lapis, escribiuse un interrogante, que tal vez traduce a dificultade do autor para identificar a minúscula presente no exemplar –véxanse, entre outros, os ff. 3v e 8r–.

4. Os once folios localizados en Évora foron, en 1843, enviados a Lisboa a petición de A. Herculano, responsable naquel momento da Real Biblioteca da Ajuda, e incorporados ao cancionero que fora recuperado precedentemente no Real Colégio dos Nobres. Como tivemos ocasión de sinalar noutra sede (Arbor Aldea-Pulsoni 2005: 755-763), a copia que do códice da Ajuda realizou despois de 1849 o paleógrafo J. P. da Costa Bastos, actualmente depositada na Real Academia das Ciéncias de Lisboa coa cota Ms. Az. 586 (La), permítenos observar por primeira vez como a chegada dos folios de Évora a Lisboa e a súa posterior incorporación ao cancionero mudaron a estrutura orixinal deste. Nesta copia, que foi realizada con meticulosidade extrema, respectando todas as características físicas de *A* –excepción feita do aparato decorativo–, os folios procedentes de Évora foron incorporados en bloque nun determinado momento da transcripción, reproducíndose, en concreto, entre os ff. 59r e 79r –primeira numeración, global, do manuscrito– ou 68v-69r –segunda numeración da copia, que traduce a estrutura de *A*; correspóndense cos actuais ff. 32v-33r de *A*– coa seguinte disposición:

<i>Ms. 586</i>	<i>A</i>
EI	40
EII	36
EIII	4
EIV	41
EV	42
EVI	43
EVII	44
EVIII	45
EIX	29
EX	16
EXI	17

Unha análise atenta desta táboa de correspondencias e a súa comparación coas precedentes permítenos observar que un dos folios que era considerado e marcado como parte integrante dun conxunto orgánico, EI, actual f. 40 de *A*, foi transcrito e colocado separadamente dos folios que nas copias de Lisboa e Évora o acompañaban (ff. EIV-EVIII; *A*, ff. 41-45). Tal vez o copista de La procedeu deste modo considerando que o recto de tal folio, escrito só na col. a, podía continuar o verso do folio inmediatamente anterior na copia que executaba, que presenta un espazo mínimo en branco ao final da col. b. A seguir dese folio colocouse EII, actual f. 36 de *A*, carente de miniatura, seguramente por razóns de contigüidade textual e, finalmente, EIII, actual f. 4 de *A*, dotado de miniatura e que podía abrir un ciclo de textos continuado nos folios que se copian a seguir (EIV-VIII; *A*, ff. 41-45). Finalmente transcribíronse os ff. EIX, EX e EXI, actuais ff. 29, 16 e 17 de *A*, autónomos no que a ciclos de cantigas se refire e adornados coa miniatura correspondente.


Esta é a estrutura do cancionero que evidencia a copia de *A* depositada na Academia das Ciéncias de Lisboa:



5. Como sabemos, os folios procedentes de Évora foron posteriormente distribuídos por C. Michaëlis no interior do códice da Ajuda nos lugares que aínda hoxe ocupan, en base a criterios materiais descritos pola filóloga xermana no volume de estudos que acompaña a súa magnífica edición crítica de *A* nos seguintes termos:

Ás 11 folhas descubertas na capital do Alemtejo, numeradas por Herculano de I a XI, dei eu, ao comezar os meus estudos, a numeración 117 a 127 [a numeración dada ao códice por C. Michaëlis concluía con 116v; polo tanto, os folios de Évora foron numerados a seguir do último folio de *A*], indevidamente. Dos sitios que realmente lhes competem, como reconhecí pouco despois –IV entre f. 43 e 44; I e II entre 54 e 55; XI entre 65 e 66; III entre 71 e 72; V--X entre 74 e 75 (?)– dá idea o quadro dos cadernos. Nem o grande historiador nem Varnhagen trataran de verificar este punto, porque na mente de ambos a ordem em que encontraran as cantigas, era [...] completa desordem. Se este preconceito non os tivesse cegado, chegaban por forza a resultados iguaes aos meus, pelo exame material do pergaminho. Para isso bastava, aproximarem as laudas, muito irregularmente cortadas, ás rebarbas das meias-folhas correspondentes que os saqueadores deixaran subsistir no volume. A ordem que por este simples proceso apurei em 1877, foi tres anos mais tarde plenamente confirmada pelo confronto com as partes analogas do apographo italiano CB. Só num caso, em que as folhas (V a X), cortadas direitinhas, exactamente pela dobra, formam un caderno coherente no fondo e na forma, o expediente non podia surtir efecto (1990, II: 136-137).

Este é o resultado da reconstrución crítica de dona Carolina:



Sen lle restar ningún valor e recoñecemento ao inmenso, rigoroso e valiosísimo traballo de C. Michaëlis, o estudo das copias procedentes de Lisboa e de Évora, ademais de anticipar a primeira copia dos denominados folios de Évora e o seu descubrimento a 1835, permítenos explicar determinadas peculiaridades materiais dos orixinais e describir, sequera sexa hipoteticamente, a súa organización no momento de executarse esas copias. Con estes datos podemos perfilar un pouco mellor os difuminados contornos da historia dos once folios de Évora e, consecuentemente, os perfís aínda hoxe para nós enigmáticos da historia e da fortuna do *Cancioneiro da Ajuda*.

#### REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ARBOR ALDEA, M.-PULSONI, C. (2005), “Il *Cancioneiro da Ajuda* prima di Carolina Michaëlis (1904)”, *Critica del testo*, VII/2, pp. 721-789.
- (2006), “Per la storia del *Cancioneiro da Ajuda*: 1. Dalla sua compilazione a Ribeiro dos Santos”, *La Parola del testo*, X, pp. 59-117.
- BITAGAP: <http://sunsite.berkeley.edu/Philobiblon/html>
- CID, I. (1993), s.v. “Biblioteca Pública e Arquivo Distrital de Évora”, en Lanciani, G.-Tavani, G. (coords.), *Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa*, Lisboa, Caminho, pp. 99-101.
- Fragmento do Nobiliário do Conde Dom Pedro. Cancioneiro da Ajuda. Edição fac-similada do códice existente na Biblioteca da Ajuda*, apresentação de M. C. Matos, N. S. Pereira e F. G. da Cunha Leão; estudos de J. V. Pina Martins, M. A. Ramos e F. G. Cunha Leão, Lisboa, Edições Távola Redonda, Instituto Português do Património Arquitectónico e Arqueológico, Biblioteca da Ajuda, 1994.
- LANCIANI, G. (2004), “Repetita iuvant?”, en *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois. Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, pp. 137-143.
- OLIVEIRA, A. RESENDE DE (1994), *Depois do espectáculo trovadoresco. A estrutura dos cancioneiros peninsulares e as recolhas dos séculos XIII e XIV*, Lisboa, Colibri.
- RAMOS, M. A. (1985), “Novas observações sobre o sistema de numeração do *Cancioneiro da Ajuda*”, *Boletim de Filologia*, XXX, pp. 33-46.
- (1994), “O *Cancioneiro da Ajuda*. História do manuscrito, descrição e problemas”, en *Fragmento do Nobiliário do Conde Dom Pedro. Cancioneiro da Ajuda. Edição fac-similada do códice existente*

- na *Biblioteca da Ajuda*, Lisboa, Edições Távola Redonda, Instituto Português do Património Arquitectónico e Arqueológico, Biblioteca da Ajuda, pp. 27-47.
- (1999), “*Invoco el Rey Dom Denis... Pedro Homem e o Cancioneiro da Ajuda*”, en Fortuño Llorens, S. i Martínez Romero, T. (eds.), *Actes del VII Congrès de l’Associació Hispànica de Literatura Medieval (Castelló de la Plana, 22-26 de setembre de 1997)*, Castelló de la Plana, Publicacions de la Universitat Jaume I, vol. I, pp. 127-185.
- (2001), “Homens e Cancioneiros em Évora”, en Botta, P.-Parrilla, C.-Pérez Pascual, I. (eds.), *Canzonieri iberici*, Padova-A Coruña, Università di Padova-Toxosoutos-Universidade da Coruña, vol. I, pp. 169-216.
- (2004), “O cancioneiro ideal de D. Carolina”, en *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois. Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, pp. 13-40.
- (2005), “*Letras perfeitas? Grafías entre manuscritos e impresos*”, en *Filologia dei Testi a Stampa (Area Iberica). Simposio Internazionale (Pescara, 20-22 novembre 2003)*, Pescara [no prelo].
- RIVARA, J. H. DA CUNHA (1842), “O Cancioneiro do Collegio dos Nobres”, *O Panorama*, 6 pp. 406-407.
- RIVARA, J. H. DA CUNHA-TELLES DE MATOS, J. A. DE SOUSA (1869), *Catalogo dos manuscriptos da Bibliotheca Publica Evorense*, Lisboa, Imprensa Nacional, vol. II.
- SHARRER, H. L. (2004), “Estado actual de los estudios sobre el *Cancioneiro da Ajuda*”, en *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois. Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, pp. 41-54.
- SILVA, I. F. DA (1860), s.v. “Joaquim Heliodoro da Cunha Rivara”, en *Diccionario Bibliographico Portuguez*, Lisboa, Imprensa Nacional, vol. IV, pp. 83-84, 442-443.
- (1858, 1867), s.v. “Antonio Nunes de Carvalho”, en *Diccionario Bibliographico Portuguez*, Lisboa, Imprensa Nacional, vol. I, p. 213; vol. VIII, p. 261.
- SILVA, I. F. DA-ARANHA, B. (1884), s.v. “Joaquim Heliodoro da Cunha Rivara”, en *Diccionario Bibliographico Portuguez*, Lisboa, Imprensa Nacional, vol. XII, pp. 57-68.
- SILVEIRA, L. (1946), *Cunha Rivara*, Lisboa, Edições SNI.
- SOUSA, A. SOARES DE (1998), “Vultos notáveis do termo de Viseu”, *Millenium*, 9.
- STUART, Ch. (1823), *Fragmentos de hum Cancioneiro inedito que se acha na Livraria do Real Collegio dos Nobres de Lisboa*, impresso à custa de Carlos Stuart, socio da Academia Real de Lisboa, Paris, No Paço de Sua Magestade Brittanica.
- TAVANI, G. (1967), *Repertorio metrico della lirica galego-portoghese*, Roma, Edizioni dell’Ateneo.
- (1988), *Ensaios portugueses. Filologia e Linguística*, Lisboa, Imprensa Nacional-Casa da Moeda.
- VARNHAGEN, F. A. DE (1849), *Trovas e Cantares de um Codice do XIV seculo: ou antes, mui provavelmente, o Livro das Cantigas do Conde de Barcellos*, Madrid, Na imprensa de D. Alexandro Gomes Fuentenebro.
- VASCONCELOS, C. MICHAËLIS DE (1990), *Cancioneiro da Ajuda*, reimpressão da edição de Halle (1904), acrescentada de um prefácio de I. Castro e do glossário das cantigas (*Revista Lusitana*, XXIII), Lisboa, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 2 vols.
- VV. AA. (s. d.), s.v. “Nunes de Carvalho (António)”, en *Grande Enciclopédia Portuguesa e Brasileira*, Lisboa-Rio de Janeiro, Editorial Enciclopédia, vol. XIX, p. 71.
- (s. d.), s.v. “Rivara (Joaquim Heliodoro da Cunha)”, en *Grande Enciclopédia Portuguesa e Brasileira*, Lisboa-Rio de Janeiro, Editorial Enciclopédia, vol. XXV, pp. 791-793.